



SUBGRUPO A1-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO

TEMA 4- LEI 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

1. Segundo o artigo 140 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando dúas ou máis administracións públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos a prol dunha acción común trátase do principio de:

- a) Competencia.
- b) Coordinación.
- c) Cooperación.

2. Segundo o artigo 141 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no deber de colaboración, a asistencia e colaboración requirida só poderá negarse cando:

- a) O organismo público do que se solicita non estea facultado para prestala de acordo co previsto na súa normativa específica.
- b) O organismo público do que se solicita non teña dispoñibilidade técnica para prestala de acordo co previsto na súa normativa específica.
- c) O organismo público do que se solicita non teña dispoñibilidade orzamentaria para prestala de acordo co previsto na súa normativa específica.

3. Segundo o artigo 143 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a formalización de relacións de cooperación requirirá:

- a) A aceptación tácita das partes, formulada en todo caso en convenios.
- b) A aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.
- c) A aceptación expresa das partes, formulada sempre en acordos de órganos de cooperación.

4. Segundo o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras administracións públicas é unha técnica de:

- a) Cooperación.
- b) Colaboración.
- c) Competencia.

5. Segundo o artigo 142 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a subministración de información que estea á disposición dun organismo público a outra Administración solicitante que a precise para o exercicio das súas competencias é unha técnica de:

- a) Cooperación.
- b) Colaboración.
- c) Competencia.

6. Segundo o artigo 145 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos de cooperación son órganos de composición:

- a) Multilateral ou bilateral, de ámbito xeral, en todo caso.
- b) Multilateral ou bilateral, de ámbito especial, en todo caso.
- c) Multilateral ou bilateral, de ámbito xeral ou especial.





SUBGRUPO A1-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO

7. Segundo o artigo 146 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a preparación das súas reunións a Conferencia de Presidentes estará asistida por un comité preparatorio do que forman parte:

- a) Un ministro do Goberno, que o preside, e un conselleiro de cada comunidade autónoma.
- b) Un secretario de Estado do Goberno, que o preside, e un conselleiro de cada comunidade autónoma.
- c) Un ministro do Goberno, que o preside, e os presidentes de cada comunidade autónoma.

8. Segundo o artigo 147 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a Conferencia Sectorial é un órgano de cooperación e de composición:

- a) Multilateral e ámbito sectorial xeneral.
- b) Bilateral e ámbito sectorial determinado.
- c) Multilateral e ámbito sectorial determinado.

9. Segundo o artigo 148 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cal das seguintes funcións exercerán as Conferencias Sectoriais?:

- a) Establecer mecanismos de intercambio de información, especialmente de contido estatístico.
- b) Deliberar de asuntos e adoptar acordos de interese para o Estado e as comunidades autónomas.
- c) Establecer plans específicos de cooperación entre corporacións locais na materia sectorial correspondente.

10. Segundo o artigo 149 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a convocatoria de reunións da Conferencia Sectorial será:

- a) Polo menos unha vez ao ano ou cando o soliciten, polo menos, a metade dos seus membros.
- b) Polo menos unha vez ao ano ou cando o soliciten, polo menos, a terceira parte dos seus membros.
- c) Polo menos unha vez ao semestre ou cando o soliciten, polo menos, a metade dos seus membros.

11. Segundo o artigo 150 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o secretario de cada Conferencia Sectorial é designado por:

- a) O presidente da Conferencia Sectorial.
- b) O conxunto dos membros da Conferencia Sectorial.
- c) A maioría simple dos membros da Conferencia Sectorial.

12. Segundo o artigo 150 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o secretario de cada Conferencia Sectorial terá como funcións:

- a) Preparar as reunións e asistir a elas con voz e voto.
- b) Convocar as reunións por iniciativa propia e asistir a elas con voz e voto.
- c) Preparar as reunións e asistir a elas con voz pero sen voto.

13. Segundo o artigo 151 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a votación para a adopción de decisións nas Conferencias Sectoriais producirase:

- a) Polo número de membros que teña cada Administración pública.
- b) Pola representación que teña cada Administración pública.
- c) Pola capacidade orzamentaria que teña cada Administración pública.



SUBGRUPO A1-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO

14. Segundo o artigo 151 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a decisión dunha Conferencia Sectorial con forma de acordo implica que:

- a) Existe un compromiso de actuación no exercicio das respectivas competencias.
- b) Expresa a opinión da Conferencia Sectorial sobre un asunto que se somete á súa consulta.
- c) Existe unha intención de actuación no exercicio das respectivas competencias.

15. Segundo o artigo 151 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os acordos dunha Conferencia Sectorial:

- a) Son de obrigado cumprimento, pero non directamente esixibles na vía xudicial prevista na lei, mesmo para quen votase a favor.
- b) Son de obrigado cumprimento e directamente esixibles na vía xudicial prevista na lei, salvo para quen votase en contra mentres non decidan subscribilos con posterioridade.
- c) Non son de obrigado cumprimento e non son directamente esixibles na vía xudicial prevista na lei.

16. Segundo o artigo 151 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os acordos de Conferencia Sectorial nos que se adopten plans conxuntos, de carácter multilateral, entre a Administración xeral do Estado e a das comunidades autónomas:

- a) Publicaranse no diario oficial de cada comunidade autónoma.
- b) Publicaranse no boletín oficial da provincia.
- c) Publicaranse no Boletín Oficial do Estado.

17. Segundo o artigo 151 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o acordo que se adopte na Conferencia Sectorial será de obrigado cumprimento para todas as administracións públicas integrantes da Conferencia Sectorial, con independencia do sentido do seu voto:

- a) Cando a Administración xeral do Estado exerza funcións de coordinación, de acordo coa orde constitucional de distribución de competencias do ámbito material respectivo.
- b) Cando a Administración xeral do Estado exerza funcións de alta inspección, de acordo coa orde constitucional de distribución de competencias do ámbito material respectivo.
- c) Cando a Administración xeral do Estado exerza funcións de cooperación, de acordo coa orde constitucional de distribución de competencias do ámbito material respectivo.

18. Segundo o artigo 151 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, coa adopción dunha recomendación, os membros que votan a favor desta na Conferencia Sectorial comprométese a:

- a) Orientar a súa actuación nesa materia de conformidade co previsto na recomendación, en todo caso e sen excepción.
- b) Orientar a súa actuación nesa materia de conformidade co previsto na recomendación, aínda que poderán apartarse desta se o motivan e se incorporan a súa xustificación no correspondente expediente.
- c) Orientar a súa actuación nesa materia de conformidade co previsto na recomendación, salvo quen votase en contra, que nunca poderá subscribila con posterioridade.

SUBGRUPO A1-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO

19. Segundo o artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as funcións de secretario nunha Comisión Sectorial serán exercidas por:

- a) Un funcionario do ministerio correspondente.
- b) Un funcionario da comunidade autónoma que se designe.
- c) Un funcionario da entidade local que se designe.

20. Segundo o artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a Comisión Sectorial é, respecto da Conferencia Sectorial:

- a) O órgano de consulta e apoio de carácter especial.
- b) O órgano de investigación e consulta de carácter xeral.
- c) O órgano de traballo e apoio de carácter xeral.

21. Segundo o artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, poderán funcionar de forma electrónica as comisións sectoriais e grupos de traballo?:

- a) Si, se así se prevé no regulamento interno de funcionamento da Conferencia Sectorial.
- b) Si, se así se prevé no regulamento interno de funcionamento da Comisión Sectorial.
- c) Non, en ningún caso.

22. Segundo o artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a Comisión Sectorial na preparación das reunións da Conferencia Sectorial:

- a) Tratará os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria da Conferencia Sectorial.
- b) Tratará calquera asunto, incluído ou non na orde do día da convocatoria da Conferencia Sectorial.
- c) Só tratará os asuntos nos que se vaian tomar decisións e que estean incluídos na orde do día da convocatoria da Conferencia Sectorial.

23. Segundo o artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os grupos de traballo das Conferencias Sectoriais estarán formados por:

- a) Presidente do Goberno e presidentes das comunidades autónomas.
- b) Ministros e conselleiros das diferentes administracións públicas.
- c) Directores xerais, subdirectores xerais ou equivalentes das diferentes administracións públicas.

24. Segundo o artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a participación nun grupo de traballo dunha Conferencia Sectorial de organizacións representativas de intereses afectados, co fin de solicitar propostas ou formular consultas, require:

- a) O voto favorable da maioría dos membros do grupo de traballo.
- b) O voto favorable da maioría dos membros da Comisión Sectorial.
- c) O voto favorable da maioría dos membros da Conferencia Sectorial.

SUBGRUPO A1-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO

25. Segundo o artigo 153 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Comisións Bilaterais de Cooperación exercen funcións:

- a) Só de consulta, non de adopción de acordos, para a mellora da coordinación entre as respectivas administracións en asuntos que afecten de forma singular a comunidade autónoma.
- b) Consulta e adopción de acordos que teñan por obxecto a mellora da cooperación entre as respectivas administracións en asuntos que afecten de forma xeral as comunidades autónomas.
- c) Consulta e adopción de acordos que teñan por obxecto a mellora da coordinación entre as respectivas administracións en asuntos que afecten de forma singular a comunidade autónoma.

26. Segundo o artigo 153 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as decisións das Comisións Bilaterais de Cooperación revestirán a forma de:

- a) Recomendacións, que serán de obrigado cumprimento, cando así se prevexa expresamente, para as dúas administracións que o subscriban e, nese caso, serán esixibles.
- b) Acordos, que serán de obrigado cumprimento, cando así se prevexa expresamente, para as dúas administracións que o subscriban e, nese caso, serán esixibles.
- c) Acordos, que serán de obrigado cumprimento, en todo caso, para as dúas administracións que o subscriban, aínda que non serán esixibles en vía xudicial.

27. Segundo o artigo 154 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, poderán crearse Comisións Territoriais de Coordinación, de composición multilateral, entre administracións cuxos territorios sexan:

- a) Coincidentes e limítrofes.
- b) Coincidentes ou limítrofes.
- c) Nin coincidentes, nin limítrofes.

28. Segundo o artigo 154 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a designación da persoa que exerza de secretario nas Comisións Territoriais de Coordinación realizarase:

- a) Segundo o seu regulamento interno de funcionamento.
- b) Polo ministro que integre a Comisión Territorial.
- c) Polo secretario de Estado que integre a Comisión Territorial.

29. Segundo o artigo 154 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Comisións Territoriais de Coordinación poderán estar formadas por:

- a) Representantes das Cortes Xerais e representantes das entidades locais.
- b) Representantes das comunidades autónomas e representantes das entidades locais.
- c) Representantes da Unión Europea e representantes das entidades locais.

30. Segundo o artigo 154 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Comisións Territoriais de Coordinación poderán crearse:

- a) Cando exista proximidade territorial e a concorrencia de funcións administrativas así o requira.
- b) Cando exista proximidade territorial e a concorrencia de funcións de vixilancia así o requira.



SUBGRUPO A1-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO

- c) Cando exista proximidade territorial ou a concorrencia de funcións administrativas así o requira.

31. Segundo o artigo 155 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a dispoñibilidade para outra Administración pública dos datos relativos aos interesados que obren en poder das administracións públicas estará limitada estritamente a:

- Calquera dato que teñan as administracións, sexa ou non para a tramitación e resolución dos procedementos e actuacións da súa competencia.
- Os requiridos aos interesados polas administracións para a tramitación e resolución dos procedementos e actuacións da súa competencia.
- Os requiridos aos interesados polas administracións só para a tramitación e resolución de procedementos sancionadores ou actuacións da súa competencia.

32. Segundo o artigo 155 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a cal das seguintes entidades afecta a obriga de adoptar as medidas necesarias para crear unha rede de comunicacións que interconecte os sistemas de información das administracións públicas?:

- Entidades locais.
- Cortes Xerais.
- Parlamentos autonómicos.

33. Segundo o artigo 156 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o Esquema Nacional de Seguridade ten por obxecto:

- Establecer a política de seguridade na utilización de medios electrónicos no ámbito do poder lexislativo.
- Establecer a política de seguridade na utilización de medios electrónicos no ámbito da presente lei.
- Establecer a política de seguridade na utilización de medios electrónicos no ámbito da seguridade nacional.

34. Segundo o artigo 156 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os contidos do Esquema Nacional de Interoperabilidade deberán ser tidos en conta por:

- As administracións públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade.
- Os poderes do Estado para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade.
- As Cortes Xerais para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade.

35. Segundo o artigo 157 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas poñerán á disposición de calquera delas que o solicite as aplicacións, desenvolvidas polos seus servizos:

- Si, en todo caso.
- Si, salvo que a información á que estean asociadas sexa obxecto de especial protección por unha norma.
- Si, salvo que o custo da aplicación fose plurianual e sexa obxecto de reserva de lei.